



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE LICITACIÓN INTERNACIONAIS

Dunha parte, Covadonga Toca Carús en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica, en adiante Igape, co NIF Q6550010J e domicilio social en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de directora xeral. Está facultada para este acto en virtude da delegación de facultades recollida na Resolución do 17 de outubro de 2023 (DOG núm. 203, do 25 de outubro de 2023).

Doutra, D. Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa, presidente da Confederación de Empresarios de Galicia, en adiante CEG, co NIF G15080476 e domicilio social na rúa do Vilar, número 54, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña). Actúa en representación da CEG, en virtude do seu nomeamento como presidente por acordo da Asemblea Xeral Electoral celebrada o 25 de febreiro de 2025 e das facultades emanadas do artigo 24 dos estatutos da CEG aprobados pola Asemblea Xeral do 29 de outubro de 1991 e modificados por acordos da Asemblea Xeral da CEG do 23 de febreiro de 2000, 29 de xuño de 2011 e 2 de xuño de 2022.

Os asinantes, na súa representación, declaran ter a capacidade legal necesaria para formalizar o presente documento e, para tal fin,

### EXPOÑEN

I. Que o IGAPE é a axencia de desenvolvemento rexional de Galicia, creada como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, para ser o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego. Entre as súas funcións figura o apoio á internacionalización das empresas galegas, mediante a posta á disposición do tecido empresarial de servizos, instrumentos e información que faciliten o acceso a novos mercados e o incremento da actividade exterior.

II. Que a CEG é unha organización privada e independente, cuxo principal obxectivo fundacional é o fomento do sistema de iniciativa privada e a economía de mercado na Comunidade Autónoma galega. Constituída no ano 1981 por común acordo das catro Confederacións Provinciais de Empresarios, a CEG é unha entidade sen ánimo de lucro, de afiliación voluntaria e de estrutura democrática. Desde a súa creación, a organización empresarial máis representativa no ámbito autonómico galego, é membro da Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE) e da Confederación Empresarial da Pequena e Mediana Empresa (CEPYME). Acta de Constitución e Estatutos, que foron depositados segundo a Lei 19/1977, de 1 de abril e o R.D. 416/2015, de 29 de maio, na Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

III. Que a Estratexia para a internacionalización das empresas galegas 2021-2025, impulsada polo IGAPE incluía na súa liña de actuación 1 o desenvolvemento de servizos de información facilitadora para os procesos de internacionalización, entre eles a posta en marcha dun sistema especializado de identificación de licitacións internacionais. Neste marco, e en colaboración coa CEG, naceu en 2022 o Servizo de Alertas e Licitacións Internacionais (SALT), que permitiu apoiar ás empresas galegas no acceso ao mercado multilateral mediante a detección temperá de oportunidades, o asesoramento técnico e a formación especializada.

IV. Que desde 2022 o servizo SALT consolidouse como unha ferramenta efectiva para impulsar a presenza das empresas galegas en procedementos de contratación pública internacional. No período 2022-2025 realizáronse máis de 1.450 alertas enviadas, máis de 700 accións de difusión, máis de 140 empresas participaron en actividades formativas e máis de 150 empresas e autónomos solicitaron asesoramento especializado, contribuíndo á presentación de múltiples propostas internacionais e ao fortalecemento da capacidade técnica das pemes galegas. Pola súa banda, a CEG mantivo unha colaboración activa coa Xunta de Galicia a través de diferentes convenios de internacionalización e programas cofinanciados con fondos europeos.





V. Que o IGAPE constatou que a crecente esixencia en materia de comportamento responsable, sustentabilidade, trazabilidade e estándares internacionais condiciona o acceso a licitacións de organismos multilaterais e grandes corporacións. Isto reforza a necesidade de proporcionar ás empresas galegas servizos especializados que lles permitan prepararse adecuadamente para competir neste mercado altamente técnico e regulado.

VI. Que, no marco das súas respectivas competencias, e dada a estreita colaboración institucional existente entre a Xunta de Galicia e a CEG, ambas entidades consideran necesario manter e reforzar servizos que melloren a competitividade das empresas galegas e faciliten o seu acceso ao mercado multilateral, especialmente mediante ferramentas de información, asesoramento técnico e apoio á conformación de consorcios internacionais.

VII. Que o IGAPE recoñece á CEG como a institución empresarial máis representativa de Galicia, cunha ampla capilaridade e capacidade de chegar ao tecido produtivo da comunidade, especialmente ás pemes e autónomos, o que a sitúa como o axente idóneo para desenvolver servizos de apoio á internacionalización empresarial como o programa SALT.

VIII. Que, tendo en conta a coincidencia de obxectivos das dúas entidades e o éxito dos resultados acadados na primeira etapa do servizo SALT (2022–2025), ambas as partes consideran de interese dar continuidade ao desenvolvemento desta ferramenta dixital e do seu acompañamento técnico durante o ano 2026, co fin de seguir facilitando ao tecido empresarial galego o acceso a información estruturada sobre licitacións, oportunidades de negocio internacionais e servizos de asesoramento avanzado.

En consecuencia, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a CEG e o IGAPE para garantir a continuidade e o desenvolvemento do Servizo de Alertas e Licitacións Internacionais (SALT) durante o ano 2026, como ferramenta de apoio especializado ao tecido empresarial galego no acceso ao mercado de licitacións multilaterais e outras oportunidades de contratación pública internacional.

As actuacións previstas céntranse en reforzar o acompañamento técnico ás empresas galegas, intensificar a detección temperá de oportunidades, facilitar a creación de consorcios e promover a presentación efectiva de ofertas competitivas, complementando estes servizos cos recursos que xa dispoñen a CEG e o IGAPE no ámbito da internacionalización empresarial.

Co obxectivo de mellorar a capacidade das empresas galegas para participar con éxito en licitacións internacionais, o servizo desenvolverá as seguintes liñas de actuación:

#### **1. Promoción das licitacións multilaterais no tecido empresarial galego**

Accións de difusión dirixidas a dar a coñecer o mercado multilateral e promover o acceso das empresas ao SALT. Esta promoción desenvolverase en coordinación con asociacións empresariais, entidades de apoio á internacionalización e a través da participación en eventos sectoriais celebrados en Galicia, co obxectivo de identificar compañías con potencial e conectalas con oportunidades reais neste ámbito.

#### **2. Identificación de oportunidades de negocio e asesoramento técnico**

Detección, análise e envío individualizado de licitacións internacionais relevantes para as empresas galegas, incluíndo a revisión de procurement plans, proxectos en programación e documentación anticipada que permita unha preparación temperá das ofertas.





O equipo técnico prestará asesoramento continuo ás empresas rexistradas, apoiando consultas estratéxicas, revisión de requisitos, orientación na preparación de candidaturas e apoio na busca de expertos e socios potenciais.

### 3. Fortalecemento da figura dos consorcios

Impulso á colaboración entre empresas galegas e socios internacionais mediante a busca activa de aliados estratéxicos, apoio á constitución de consorcios, e consolidación do espazo web "Conorcios" como punto de encontro empresarial orientado á cooperación para presentar propostas conxuntas.

### 4. Desenvolvemento dun plan de promoción institucional IGAPE-CEG e fortalecemento dos vínculos con organismos multilaterais

Coordinación CEG-IGAPE para organizar accións dirixidas a incrementar a visibilidade das empresas galegas fronte a organismos internacionais, así como colaboración coas antenas do IGAPE no exterior e co Grupo de Multilaterais de ICEX para facilitar acceso a información estratéxica e participación en eventos especializados.

#### SEGUNDA.- Xustificación da utilización da figura do convenio

A utilización da figura do convenio xustifícase polas especiais características do obxecto e pola singularidade da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) como entidade empresarial máis representativa de Galicia. A súa ampla capilaridade territorial, a capacidade de interlocución directa co tecido produtivo e a experiencia demostrada na xestión de programas de apoio á internacionalización empresarial sitúana como o axente idóneo para colaborar na execución das actuacións previstas.

As actividades que se van desenvolver —identificación temperá de oportunidades internacionais, asesoramento técnico especializado, apoio á creación de consorcios e acompañamento ás empresas galegas no acceso ao mercado de contratación pública internacional— requiren unha proximidade organizativa, un coñecemento directo do tecido empresarial e un grao de especialización técnica que só pode ser asumido con garantías pola CEG, en virtude da súa natureza e finalidade estatutaria.

En aplicación do disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os convenios constitúen o instrumento adecuado para articular a cooperación entre entidades públicas e organizacións representativas cando existe un interese común e complementario na consecución dun fin público. Neste caso, o convenio non supón a encomenda de xestión dun servizo nin unha prestación substitutoria por parte da CEG, senón a actuación coordinada de ambas as entidades no marco das súas competencias propias.

En consecuencia, o convenio configúrase como o instrumento xurídico axeitado para garantir a continuidade do servizo SALT e a colaboración estable entre o IGAPE e a CEG, asegurando unha actuación coordinada, eficaz e respectuosa co marco normativo aplicable, e contribuíndo ao impulso da internacionalización e competitividade das empresas galegas.

#### TERCEIRA.- Financiamento

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a oitenta e oito mil oitocentos euros (88.800,00 €) que se distribúen do seguinte xeito:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO 2026
Oficina de xestión do centro	79.000,00 €
Centro de seguimento de licitacións internacionais	1.000,00 €
<b>Subtotal IGAPE</b>	<b>80.000,00 €</b>
Persoal de apoio administrativo e persoal propio da CEG dedicado ao proxecto	8.800,00 €
<b>TOTAL CONVENIO</b>	<b>88.800,00 €</b>





Deste orzamento, o IGAPE financiará a contía oitenta mil euros (80.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2026.

A CEG contribuirá cunha achega de oito mil oitocentos euros (8.800,00€) cos que cofinanciará os gastos de persoal asociados ao desenvolvemento e xestión das accións do convenio.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado nesta cláusula cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se leven a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros.

Este convenio respectará o disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11/02/1998 (DOG núm. 34, de 19/02/1998), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. En todo caso, a disposición ou compromiso de gasto quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas destes.

#### **CUARTA.- Gastos atendibles**

1. Consideraranse gastos atendibles aqueles que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividades e fins do convenio e que se realicen a partir da data de sinatura e ata o 30 de novembro de 2026.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos atendibles poderá ser superior ao valor de mercado. En ningún caso se considerarán gastos atendibles os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto elixible cando a entidade beneficiaria acredite mediante unha declaración responsable que se encontra acollida ao réxime de exención, parcial ou total, do IVE, de xeito que este imposto supón un gasto real nas actuacións ao abeiro deste convenio, citando os artigos da lexislación aplicable que dan soporte a esa situación fiscal.

2. Serán atendibles os gastos relacionados coas actuacións descritas na cláusula terceira sendo os gastos detallados os seguintes:

- Gastos de contratación: custos salariais (incluídas cotas da seguridade social) das persoas contratadas ad-hoc para o centro de seguimento de licitacións internacionais.
- Gastos do persoal propio da CEG asignado ao obxecto do convenio.
- Gastos de dotación: materiais inventariados e funxibles adquiridos para as actividades recollidas no convenio.
- Gastos de contratación de servizos externos para o cumprimento dos obxectivos do convenio.
- Gastos específicos para o desenvolvemento dunha campaña informativa e de comunicación.
- Desprazamentos: desprazamentos mediante transporte público ou coche propio, en cuxo caso será necesaria a certificación do secretario xeral da CEG.
- Gastos de organización e restauración:
  - o Contratación de relatores
  - o Aluguer de espazos e medios audiovisuais para a realización de eventos
  - o Contratación xeral de medios para a realización dos eventos
  - o Programas, folletos e material para os asistentes ao evento
  - o Cátering para eventos

O listado non ten carácter exhaustivo. Poderán imputarse outros gastos que, sen estar expresamente recollidos nos apartados anteriores, respondan de maneira indubidable á execución das actividades do convenio. Estes gastos deberán ser autorizados previamente pola Comisión de Seguimento.

3. No caso de adquisición de bens de equipamento, ou a contratación de servizos ou subministracións e materiais, cando o importe do gasto iguale ou supere os 15.000 euros máis IVE no global do proxecto para un mesmo provedor, deberán achegarse un mínimo de tres ofertas de diferentes





provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficacia e economía e achegarase unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

4. Os gastos nos que incorra a CEG serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio, e minguarán o importe total a achegar polos asinantes na mesma porcentaxe que achegan ao convenio. En ningún caso a contribución do Igape aos fins do convenio superará o 90% do gasto atendible, unha vez detraídas as devanditas cantidades.

#### **QUINTA.- Obrigas das partes**

1. A CEG queda obrigada á realización do obxecto do presente convenio, e a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Organizar, coordinar e desenvolver as actividades necesarias para a execución de todas as accións previstas ben cos seus propios medios e persoal, ou contratando os servizos e subministros necesarios para levar a cabo tal fin.
- Achegar un total de oito mil oitocentos euros (8.800,00€) para o cofinanciamento das actuacións da recollidas na cláusula terceira.
- Someterse á inspección e control do Igape co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a súa xustificación financeira.
- Cumprir as normas sobre confidencialidade de datos previstas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Asumir o compromiso de difundir o financiamento do Igape en todo tipo de publicidade, información e material relativo á execución das actividades deste convenio, con suxeición ás normas da súa imaxe corporativa. Deberá respectar o manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia vixente na data da sinatura do convenio e, ademais, adaptarse aos cambios posteriores que se puideran producir no manual. Sempre se terá como marca principal en todo o material a Xunta de Galicia podendo incluír como secundaria a imaxe da CEG.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.

2. Compromisos do IGAPE:

- Colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través da concesión dunha achega por importe máximo de oitenta mil euros (80.000 €).
- Apoiar e colaborar na organización das accións previstas neste convenio.
- Difundir todas as actividades a través das canles que considere adecuadas e oportunas, e que se acorden entre as partes asinantes.

#### **SEXTA.- Titularidade compartida de procedementos, resultados e know-how**

As partes asinantes recoñecen que as actuacións desenvolvidas ao abeiro do presente convenio poden xerar procedementos técnicos, metodoloxías, coñecemento especializado (know-how), informes ou outros resultados derivados da súa execución.

A titularidade destes procedementos, metodoloxías, resultados e know-how será compartida entre o IGAPE e a CEG, podendo ambas entidades empregalos libremente para fins institucionais e de apoio ás empresas. Non poderán ser transmitidos a terceiros sen o consentimento previo e por escrito da outra parte, agás cando a súa difusión resulte esixida por obrigas legais de publicidade ou transparencia.

O coñecemento preexistente achegado por cada entidade manterá a súa titularidade orixinal. A finalización do convenio non afectará ao dereito de uso non exclusivo dos resultados xerados ao seu abeiro.





### SÉTIMA.- Xustificación e pagamento

O prazo de presentación da solicitude de cobramento no Igape comezará o día seguinte á finalización das accións indicadas na cláusula primeira e rematará o 30 de novembro de 2026.

En todo caso, só se considerará gasto realizado o que fose efectivamente pagado durante o período de execución. Exceptúanse desta regra xeral aqueles gastos cuxos pagos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. A CEG quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pago antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos.

O financiamento do IGAPE realizarase a medida que se xustifiquen os gastos realizados pola CEG sobre os gastos sostidos, mediante certificacións trimestrais. As ditas certificacións presentaranse durante os 10 días seguintes á finalización de cada período, excepto o último trimestre, cuxa xustificación poderá presentarse, como máximo, ata o 30 de novembro de 2026.

A liquidación final quedará pendente da xustificación final do Convenio.

A presentación se fará de forma telemática na sede virtual do IGAPE na páxina <https://spiga-sede.igape.es>, achegando copias dixitalizadas da documentación que a continuación se relaciona:

1. Memoria xustificativa do cumprimento das actuacións contempladas neste convenio, indicando as actividades desenvolvidas, os resultados obtidos e as incidencias máis significativas acompañadas, cando a natureza do gasto así o requira, de fotografías, lista de sinatura de asistentes ou outras evidencias similares.
2. Memoria económica xustificativa do gasto nas actuacións realizadas que conterá:
  - a) Certificación expedida pola CEG do total dos gastos realizados no período imputable ao convenio acompañada dunha memoria económica con relación clasificada dos gastos imputables, identificando concepto, acredor, documento, importe e data de emisión e data de pagamento.
  - b) Xustificación dos gastos atendibles: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados á relación clasificada de gastos.
  - c) Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se aceptarán pagamentos en efectivo.
  - d) Xustificación, de ser o caso, doutros ingresos, públicos ou privados, obtidos para financiar as actividades, que non poderán superar o 100% do seu custo total.
  - e) Cando na contratación de servizos o importe sexa igual ou superior a 15.000 € máis IVE requiriranse tres ofertas de distintos provedores, con carácter previo á contratación do servizo, e xustificarse a selección do provedor se non é o máis económico.
  - f) Custos salariais (incluídos SS) das persoas contratadas *ad hoc* e do persoal propio asignado, nóminas mensuais, documento de pagamento, entrada de cotas sociais e ingresos, se é o caso, das retencións do IRPF que resulten de solicitude.
  - g) Desprazamentos por medio de transporte público ou vehículo propio: certificación do secretario xeral da CEG dos desprazamentos realizados no desenvolvemento do proxecto, o seu pagamento pola CEG aos técnicos correspondentes, xuntando os tickets ou recibos de transporte público ou as follas de liquidación por desprazamento en vehículo propio.
3. Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas nas que se acredite que a CEG está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública autonómica ou autorización para que a Xerencia do IGAPE realice estas consultas polos seus propios medios.
4. Declaración expresa da CEG de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades non están relacionadas con ela (o mero feito de ser empresa asociada á CEG non implica vinculación algunha).
5. No caso de estar exento de IVE, documentación xustificativa da exención.
6. Declaración de titularidade da conta bancaria onde se vaian realizar os pagamentos.





7. Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto deste convenio.

En todo caso, o IGAPE resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere necesaria en relación coa execución das actuacións obxecto deste convenio, e calquera outra que considere oportuna para a correcta xustificación dos gastos e o seu pagamento.

Procederá a redución do financiamento concedido cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas non acaden os importes dos gastos xustificables, ou o financiamento adicional obtido, se é o caso, sumado ás axudas do IGAPE supere os custos acreditados, e sempre que esta redución non implique o incumprimento dos obxectivos do programa.

A CEG manterá a disposición do IGAPE ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, como Intervención Xeral, Tribunal de Contas, Consello de Contas e os órganos de control da Comisión Europea, todos os documentos xustificativos dos gastos e ingresos obtidos para a súa comprobación *in situ*, ben por medios propios ou por medio dun auditor externo.

#### **OITAVA.- Actividades de difusión, divulgación e formación**

A CEG comprométese a difundir e promocionar entre os seus asociados, tanto a sinatura do presente convenio, como as actuacións que se desprendan do mesmo, para desta maneira axudar ao seu mantemento e crecemento.

As actividades deberán cumprir as normas establecidas no manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia, dispoñible para a súa descarga no seguinte enderezo: <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>.

As actuacións previstas neste convenio realizaranse preferentemente de forma presencial.

#### **NOVENA.- Indicadores de rendemento e resultados**

Para medir o impacto do plan estratéxico proposto, estableceranse os seguintes KPIs específicos:

- Número de empresas que reciben información e asesoramento personalizado.
- Número de empresas que reciben información sobre o servizo SALT e que non foron contactadas no convenio anterior.
- Número de propostas presentadas
- Número de consorcios apoiados

<b>Obxectivos 2026</b>	
Nº de empresas que reciben información e asesoramento personalizado	60
Nº de novas empresas que reciben información	25
Nº de propostas presentadas	10
Nº de consorcios apoiados	5

#### **DÉCIMA.- Vixencia e causas de resolución**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o efectivo cumprimento das obrigas que asumen as partes no mesmo e, en todo caso, ata o 30 de decembro de 2026, sen prexuízo de que os gastos atendibles deberán estar realizados no período comprendido entre a data de sinatura do convenio e o 30 de novembro de 2026, data na que deberán estar realizadas todas as actuacións programadas. O convenio é prorrogable por un ano adicional.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- O vencemento do prazo do convenio sen ter acordado a súa prórroga.





- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por calquera dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá comunicarlle á incumpridora a obriga de cumprir nun prazo de 10 días hábiles as obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requisito será comunicado á Comisión de seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo sinalado no requirimento persiste o incumprimento, a quen o dirixiu comunicará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e o acordo entenderase resolto.
- Por resolución xudicial que declare a nulidade do convenio.
- Causas excepcionais que requiran unha modificación substancial do seu obxecto.
- Imposibilidade de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos con ela.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas no convenio ou noutras leis.

Se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- *Comisión de seguimento do convenio***

Co fin de facilitar a execución e desenvolvemento deste convenio, así como o seguimento do cumprimento das súas estipulacións, constituirase unha comisión que actuará como órgano de vixilancia, interpretación e control do establecido neste convenio e que estará integrada polos seguintes membros:

- 1 vogal do IGAPE, que actuará como presidente.
- 1 vogal da CEG, que actuará como secretario.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas no capítulo II do título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na sección III, capítulo I, título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

As partes poderán modificar por mutuo acordo a composición da comisión. O acordo de modificación incorporárase como addenda ao convenio.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- *Modificacións do convenio***

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución. Deberá ser proposta pola Comisión de Seguimento e formalizarse a través da subscripción da correspondente addenda. En ningún caso, poderá supoñer un incremento do orzamento previsto.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- *Autorizacións***

A CEG dá consentimento expreso a Igape para a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda





da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

#### **DÉCIMO CUARTA.- *Publicidade***

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía e Industria, publicarán no *Diario Oficial de Galicia*, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia deste puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

A CEG deberá subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

As partes asinantes do convenio prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

#### **DÉCIMO QUINTA.- *Protección de datos de carácter persoal***

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RGPD) e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía de dereitos (BOE no 294, do 6 de decembro), se algunha das partes accede a datos persoais contidos en ficheiros titularidade da CEG, adquire a condición de xestor de datos e comprométese a:

- Non utilizar nin tratar os datos persoais para fins alleos á execución do presente convenio, non comunicar os datos en ningún caso a terceiros, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, publicar ou difundir ningunha información sobre os mesmos os datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implantación.
- Ao final da relación, por calquera motivo, os datos persoais aos que tiveran acceso as demais partes deberán ser destruídos ou devoltos á CEG, incluído calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai que os restantes respondan das infraccións cometidas coma se ocupasen o posto de responsable do tratamento.

O IGAPE responde ante a CEG do cumprimento destas obrigas por parte das persoas que, pola súa representación, participen de calquera forma na execución do presente convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- *Inexistencia de relación laboral***

A sinatura deste convenio non suporá relación laboral, contractual ou de outra índole entre os profesionais que desenvolvan as actividades obxecto do presente convenio e calquera das entidades públicas asinantes do presente convenio.

#### **DÉCIMO SÉTIMA.- *Natureza e réxime xurídico***

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable. De acordo co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, está excluído do ámbito de aplicación da dita normativa.





As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que se puidese suscitar sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoas á Comisión de Seguimento prevista neste. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

#### **DÉCIMO OITAVA.- Normativa aplicable**

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio na data indicada no pé de sinatura, tomándose como data de sinatura a do último asinante.

Polo **Instituto Galego de Promoción Económica,**

Pola **Confederación de Empresarios de Galicia,**

Covadonga Toca Carús

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

